

NOTA EDITORIAL *

DOI: 10.17075/fmfhv.2021.004

* O responsable da edición, respectuosa co orixinal e co ideario de Aquilino Iglesia Alvariño, ofrece o seu labor e esta documentada nota editorial, que non desexa asinar. Accedeu, porén, a que fose acomodada á normativa actual [*Nota dos editores*].

Coido —e espero— que o interese hoxe deste traballo sexa un interese histórico que se atopa no esforzo do autor por emprega-la lingua viva da súa época ó través da súa «dinificación» no convertela en lingua escrita, unha cousa que hoxe se non pode recuperar. Rosalía escribiu *Cantares Gallegos*, onde se atopa aquel coñecido poema «Castellanos de Castilla, / tratade ben ós gallegos: / cando van, van como rosas; / cando vên, vên como negros» e aquel outro que comeza «Castellana de Castilla»; o Borobó escribiu, na segunda parte dos cincuenta, que os paisanos chamaban ó A. o «Señor das palabras» e neste traballo e n' *O porvir do galego* atópanse algunhas reflexións do autor; todo isto amosa que unha cousa é o que falan os galegos e outra o que escriben os escribidores.

Consérvase este traballo nunha copia mecanografada feita por alguén que non sabía escribir aló moi ben á máquina; atópanse moitas letras esmagulladas, o que non sempre facilita a súa identificación, e mancan outras; ademais, hai que ter en conta as dificultades, para quen non saiba escribir á máquina, para poñer-las acentos e outros signos diacríticos, cando os hai, para darse conta dos lindeiros desta copia.

Debeuse rematar de facer en Pontevedra polo ano 1952. A meirande parte do traballo debeuse escribir no verán do 1951, na Pedrosa, como amosan certos datos que se recollen no seu texto. Os datos coñecidos son contraditorios. No texto o A. recolle un traballo de Álvarez Blázquez, publicado no 1952 —e na bibliografía cítanse obras publicadas nese ano—, pro tamén di que está á saír unha nova edición do dicionario de Carré Alvarellos, que se publicou na Coruña no 1951.

O A. corrixiu a copia mecanografada no seu contido e fixo algunha outra corrección por riba, pero hai tamén outras intervencións alleas ó autor. Na primeira páxina atópase unha nota de man de D. Ramón Otero Pedrayo que di o seguinte: «Neste traballo o imprimire todo o que dí *gallego* pónase sempre *galego*. De acordo co autor. R. Otero Pedrayo». Quizabes, completou a súa afirmación coa cancelación dos *-l-* que agora eran de máis.

Fixo este traballo, deste xeito, unha longa e duradeira viaxe de ida e volta a Bos Aires, con parada en Ourense. Neste intre recolléronse nel outras intervencións. Outra man, a meu ver, subliñou aquelas palabras que coidaba que eran castelás. Cando tornou ás mans do A. —anos despois— quedou no sobre e, durante algún tempo, estivo perdido. O A. non se volveu a ocupar do mesmo e morreu no 1961. Cando se publicou o primeiro volume da *Historia de Galiza*, dirixida por D. Ramón Otero Pedrayo, no 1962, aínda se mencionaba o seu nome como un dos colaboradores de dita obra¹.

Hoxe é xa un ben mostrengo afirmar que quen dixo copia dixo falta e esta afirmación lévase ata o cabo, recoñecéndose que aínda un autógrafo dun autor é unha copia da obra que o mesmo ten na súa cachola. Deste xeito lexitímase a edición crítica e, polo tanto, as correccións do texto deixado polo autor feitas polo editor. As discusións versan, entón, sobre os lindeiros desta intervención do editor, e remátanse co recoñecemento de que o importante é que se poida deslindar ben entre o que o escritor escribiu e o que o editor ameceu.

Mais para facer unha edición crítica convén ter unha norma e é coñecido que o galego non tivo o seu Pompeu Fabra e que cando alguén intentou selo polos anos 60 —a primeira edición deste primeiro intento é do 1966—, era xa tarde; ademais, non naceu desta actividade unha gramática normativa, mais dúas, contrapostas, e as razóns que puido te-lo autor das mesmas para facer unha e outra trocáronse co tempo en paixón, en sentimento, en afectividade, dificultándose, deste xeito, os anxeios de ter unha lingua común galega².

Partindo do feito de que na copia conservada deste traballo hai erros, mantense o seu texto coas súas vacilacións, que na meirande parte atopan unha explicación no texto do A.

O A. reflexa unha maneira de pensar que se pode resumir de maneira clara, xa que era común naquel tempo. O galego é unha lingua falada por labregos e

¹ *Historia de Galiza*, redactada baixo a dirección de Ramón OTERO PEDRAYO. Volume. I. *Introducción. Primeira Parte* (1962: XXII): «Aquilino Iglesia Alvariño, o poeta do grave espertar saudoso das esencias contidas nas cousas, e dono da arte de chamar na porta do misterio das verbas».

² Ricardo CARBALLO CALERO, *Gramática elemental del gallego común* (1976²: 7): «Esta Gramática fue concebida y ejecutada originariamente en circunstancias que aconsejaban un esfuerzo para describir de forma elemental los caracteres fundamentales del gallego común, aunque este gallego común, en 1966, fecha de la primera edición del libro, fuese más una aspiración que una realidad».

mariñeiros polo que podería dicirse —tirando un pouco por ela— que os que falaban en galego non sabían ler nin escribir, e os que escribían en galego non o falaban. A lingua escrita é reflexión e escolleita e, deste xeito, a lingua falada e a lingua escrita sofren da situación de divorcio na que se atopaban. A lingua falada non pode mirarse no espello da lingua escrita e esta deixa de apoiarse na lingua falada, corréndose o perigo dunha separación total entre ambas e dúas. Lingua escrita e lingua falada deben camiñar xuntas. Se se quere, dende a Ilustración, aínda que coído que desde que se contrapón o campo á vila, recoñécese tamén a superioridade da vida vilega e, dentro dela, a súa cultura superior. E aínda que a cultura nace da tarefa propia do labrego —a cultura dos campos—, o certo é que se ve na lingua escrita a guía que dirixe a lingua falada, que é onde nace e se renova a lingua.

Fálase moito da violencia física, o que leva a algúns a arredar civilización e cultura; en prol da civilización vemos como hoxe se acaba fisicamente cos pobos indíxenas que aínda perviven, mais tamén a cultura ten efectos non menos deleterios cá civilización, aínda que sexan menos evidentes. Cando o A. escribía estas páxinas na aldea que o vira nacer, aínda non chegara a ela a luz eléctrica. A defensa que o galego atopaba na ignorancia da letra escrita de quen o falaba desapareceu coa extensión da electricidade e coa difusión, anos despois, da televisión, tamén en galego —os tempos cambiaran—: non sei moi ben se foi un ben ou un mal, pro tales feitos provocaron cambios radicais que o A. non podía imaxinar. Os historiadores teñen sempre que alonxar de si o anxeio de adiantalo futuro.

Na situación daqueles anos, máis ben os corenta cós cincuenta, o anxeio de dignifica-la lingua falada por medio da escritura explica que non se poidan ter en conta tampouco certas normas ortográficas, fixadas polo A. para os colaboradores doutra obra paralela proxectada naqueles mesmos anos.

Estas normas «máis que en bases lingüísticas, descansan», nun lado, «na necesidade de uniformar a ortografía da nosa lingua nunha obra en que van a colaborar distintos autores» e, doutro, «no facer o máis doada que se poida a lectura (...) á xente que non está afeita a ler galego».

Partindo do feito de que «o castelán é a lingua aprendida da maior parte dos presuntos lectores», o A. afirma o seguinte: «sigo de lonxe as normas desta lingua en contra moitas veces dos meus usos de cotío» —nesta obra que agora se edita

o A. di que as normas do castelán non poden ser aquelas do galego (p. 120)— e na meirande parte toma as normas da *Ortografía Gallega* do Couceiro Freijomil e do Moralejo, apartándose delas, «en casos contados, e sempre por aforrar estorbo ô que escribe e sobre todo ô que lê».

Saliento destas normas algunhas; dun lado están aquelas chamadas a prescindir das articulacións vocálicas indecisas (*a-e*, *e-i*; *o-u*, etc.). «Paréceme vicioso dicir *sacretario* por *secretario*, *médeco* por *médico*, *úneco* por *único*, *páledo* por *pálido*».

Doutro lado, os neoloxismos tomados das linguas clásicas se non deben someter a transformacións ningunhas de acordo con normas fonéticas xa non vivas; había que escribir *rector*, *lector*, *inspector*, independentemente da maneira de seren pronunciadas estas palabras polos galegos. Deste xeito, cando hai formas dobres, «debemos escoller o máis achegado ó latín, non o máis apartado do castelán», isto é, hai que escribir *encontrar* e non *alcontrar*, *acender* e non *alcender*, *cuestión* e non *custión*, *procurar* e non *percurar*, *cinquenta* e non *cincoenta*, *prolongación* non *prelongación* nin *perlongación*. No fondo a lingua escrita é sempre reflexión e, por iso, norma que deba impoñerse á maneira descoidada de falar.

As normas valen para todos e, polo tanto, non convén loitar contra a evolución da lingua no nome dun purismo selectivo nin tratar de combatalo que triunfa na lingua falada —véxase o dito sobor da fortuna dos sufixos -ACTIONE, -ENTIA, -ITIA e -ITIONE— e tratar de escribir *prolongazón*, *plantazón*, *sabenza*, *pacenza*, mantendo unhas regras que hai anos que deixaron de ter vixencia, como cando de *cadeira* se fai *cadeirago* para evita-lo cultismo *catedrático*, por moito que sexa o home da cadeira para os anglofalantes.

Deben preferirse as formas vivas ás caducadas, pro debe facerse «o emprego das formas vivas, montañesas e mariñás dentro de un sentido de dinidá, e lonxe de unha estreita pretensión de purismo»; polo tanto, pódense manter as variantes de cada terra e ilas aínda alternando, pro non debe notarse o «fonema silbante que ten ç e z nas mariñas» e tampouco deben manterse «os nobilísimos arcaismos ourensáns *il*, *ise*, *iste*, *aquil*, que non son tan fortes que Curros non os alternase».

Non me deteño no problema das contraccións que o lector, doutro lado, pode atopar tamén neste traballo, e remato co resumo do A.: «Non empregaremos

ningún apóstrofo. Non empregaremos ningún guión. Empregaremos o circunflexo».

Deste xeito o A. resume a súa posición contraria ó emprego de guións, apóstrofos e os moitos acentos. «Non usaremos máis que dous acentos: o agudo e o circunflexo. O primeiro, como en castelán, e ademáis con función diacrítica en casos de homónimos como *á*: preposición e artigo», xa que o outro acento que tiña que empregarse era o circunflexo, «que debe reducirse ós artigos contraccións». «Ai que tender a botar fora este sino [o apóstrofo] que ó pretender unha escritura fonética acaba por desfigurar a morfoloxía e ser sempre un estorbo. Por eso, escribírase a preposición *de* formando parte sempre dos artigos e dos pronomes de terceira persoa (...) escribírase *de* sempre separado do demostrativo *aquel* e de calquera outra palabra, verbo, nome, etc.».

Para rematar, subliño outras recomendacións: «Sobre as formas dudosas *España-Hespaña*, *irmao-hirmao* penso que a primeira debe escribirse con *H* e a segunda sin ela». Como o galego non ten o fonema de *j*, emprégase o *x* para o correspondente e téndese a substituí-lo *x* do castelán por *s*. «Os cultismos en que apareza, como *exagonal*, *hexámetro*, etc. poden seguir escribíndose con *x*, sobre todo nunha obra como a que se pretende destinada a un lector medio que non terá dificultá na súa interpretación. No tocante a *y*, somos de parecer que se empregue sempre que teña valor de consonante e por facer máis doada a lectura en palabras como *mayo*, *mayego*, *cayo*, pro non cando semivocal: *lei*, *rei*, *cheguéis*», pois, ademais «nos casos de semiconsonante *á ti i á min*, *á min i á ela* son de parecer que non se escriba *i*, sinon *e*».

Estas propostas do A., de todas maneiras, convencen ós convencidos e deixan indiferentes a quen acolle as propostas opostas. Se un le entre liñas as afirmacións recollidas chegará á conclusión, coido eu, de que tales normas non son seguidas por todos e que ó seu lado pode haber outras normas non menos dignas de seren seguidas. Ademais, os criterios non son precisos —¿que quere dicir a dignidade dunha forma?—, tampouco revelan a maneira de escribir de cotío do autor e diríxense ós colaboradores dunha determinada obra e, para rematar, non fixan unha norma precisa se se pode empregarlos localismos e aínda alternalos.

Reflexa o A. o pensamento dunha época, que inda se mantén con algúns cambios; mentres hoxe no mundo científico, ó menos, a noción de ánima no home é unha hipótese que non cómpre, como diría Laplace, hai, polo contrario,

unha inflación deste concepto para animar tódalas creacións dos homes; os homes deixan de ter ánima e agora son as sociedades e a lingua as que a teñen; deste xeito fálase máis ben da dignidade dunha lingua e non da dignidade de quen a fala.

Por estas razóns, coido que máis que corrixir ou uniformar o texto nado nunha época histórica bastante ben datada³, convén subliñar os feitos lembrados para comprender as complexas razóns que puideron levar ó A. a solucionar de maneira diferente un mesmo problema, partindo da idea de que a corrección feita —va ilusión— é tan perfecta que recupera o texto non tal como o quixo escribir o A., senón como o escribiu, salvando soamente as erratas de sempre.

Trátase, polo tanto, de fixa-lo texto tal como o deixou o A., coas súas vacilacións ou, se se prefire, coas variantes propias dunha lingua falada. Recupérase, deste xeito, a forma *gallego* que o A. empregou conscientemente neste traballo, tendo ademais en conta a súa tradición literaria; a corrección de *gallego*, levaría ter que corrixir *castellano* en *castelán* e *Castilla* en *Castela*. Corrixíuse, iso si, *castelano* (p. 119) en *castellano*. As mesmas razóns que levan a manter *gallego* neste traballo, levan a manter *galego* en *O porvir do galego*.

Neste primeiro traballo o A. renunciou a tódolos signos que non foran o acento agudo e, deste xeito, atopouse co seu emprego con carácter diacrítico. O texto parece amosalo, xa que a preposición *a* se atopa acentuada á man nun segundo intre. Por iso a corrección, cunha excepción, límitase a uniformar a acentuación, facendo desaparecer dous acentos circunflexos —un deles, paréce-me doutra man: *lê* (p. 103), *ô* (p. 138)— e un caso de acento agudo —o pronome *el*— porque non cómpre; e estendendo de maneira uniforme os acentos, aínda que tamén aquí hai certas vacilacións.

Unifórmase tamén, por razóns circunstanciais, o emprego de *lésico*, *lesicográfico* e *lesicolóxico*; no texto, de forma minoritaria, atópase tamén *léxico*, *lexicográfico* e *lexicográfico*, ás voltas corrixidos á man, poñéndose un *-s-* onde se atopa un *-x-*⁴. Na revista *Euphrosyne*, cinco anos despois da publicación da tra-

³ Para os criterios recollidos e as vacilacións, *vid.* Aquilino IGLESIA ALVARIÑO, *Q. Horatii Flacii, Carmina*. Traducción, prólogo, notas por A. I. A. (Santiago de Compostela 1951), prólogo e «Addenda e corrigenda».

⁴ Na copia mecanografada escribiuse: *lexico*; esmagouse o *x* cun *s* e enriba, á man, escribiu un *s*: *lésico*, inda que non apuxo o acento.

dución dos *Carmina* de Horacio, apareceu unha recensión do Ricardo Silva onde fai esta observación, «Iglesia escribe *lexicológico*, o que julgo ser lapso, uma vez que emprega, de acordo com a fonética do galego, *fraseolóxico*, *mitolóxico*, etc. (com *x* em vez de *g*). No «Índice», porém, distrai-se dessa forma e escreve *lexicografico*»⁵. Uniformo tamén a maneira de escribir *Edá Media* e *Reconquista*, empregando sempre a maiúscula; cando coído que o *A.* se refire ó chamado por antonomasia Renacemento manteño a maiúscula (*Renacimiento*, *Renacemento*), mantendo a alternancia *renacemento* (p. 108, 115, 134) e *renacimiento* (p. 104, 114, 116, 172). Por razóns que non veñen ó caso non fixen o mesmo con *estado*.

Un problema para linguas como a galega é como deben nomearse os galegos que escribiron en castelán; manteño, polo tanto, as variantes *Sarmiento* (p. 101, 104, 106, 108) e *Sarmento* (p. 109, 115).

A razón de ser da corrección de *primaveira* en *primavera* (p. 117) é xa outra cousa. Se é certo que o «mantello e sostenello» non é unha característica dos casteláns, cómpre corrixir o mal feito⁶.

Manteño, polo demais, o texto tal como aparece escrito, coas súas vacilacións, e corrixo soamente as erratas. Dun lado temos, polo tanto, as indecisións, as vacilacións e, doutro, a errata, filla da ausencia dalgunha letra ou da presenza dunha letra de máis; e se a corrección, por exemplo, de *prblmas* en *problemas* (p. 109) ou de *escritoos* en *escritores* (p. 115) é evidente, non sempre é doado face-la distinción cando se corrixen textos alleos.

O Carballo Calero, ó dar conta das preposicións galegas, recolle *desde* —en nota amece *dende*, *dendes*— e *para* —en nota, amece *pra*—, amosando deste xeito as súas preferencias⁷, que pode levar a coidar que formas como *pra* ou *dende* son erratas mecanográficas; os dicionarios poderían facer pensar que *avante* é un arcaísmo, cando estaba naqueles anos máis viva do que coidaba o Valladares, que a cualifica de forma anticuada.

⁵ F. A. RICARDO SILVA, Rec. en *Euphrosyne* (1956) 329 n. 2.

⁶ Para as razóns desta corrección, *vid.* Aquilino IGLESIA ALVARIÑO, «Primavera de Abril y Primavera de Outono», en *La Noche* (18-II-1960); Aquilino IGLESIA ALVARIÑO, «El enredo de la primavera», en *La Noche* (18-II-1960); o primeiro saíu con moitas erratas e o segundo, grazas ó Borobó, perdeu as súas características de resposta.

⁷ CARBALLO CALERO, *Gramática* (n. 2), 246-247.

Indo do máis doado ó máis difícil corríxo *mismas acción* en *misma acción* (p. 126), *brillante* (p. 141) en *brilante*; *su* (p. 146) en *seu*; *analaxía* (p. 153) en *analoxía*; *ducumento* (p. 172) en *documento*; *incomenete* en *incomenente* (p. 195), *rebarando* (p. 195) —non atopei rexistrado *rebarar*— en *rebasando*; *blasfema* (p. 193) en *blasfema*; *decontamos* (p. 200) en *descontamos*, aínda que a primeira se atopa rexistrada con outro significado; *caminos* (p. 199) en *camiños*.

Xunto ás erratas, están tamén as vacilacións, o que explica o respecto cara ó texto fixado polo A., xa que, polas razóns expostas, a escolleita feita polo A. leva a esa situación. Nalgúns casos, acudiuse ó dicionario recollido polo A. para fixalo texto. Estas vacilacións nacen, falando en xeral, do feito de alternar o A. a lingua falada labrega e mariñeira, someténdoa a aquela laboura de dignificación que é necesaria para facela lingua escrita. As dificultades nacen, xustamente, de encontrar o linde desta necesidade.

Tendo en conta isto e o feito de que o A. recoñece, dun lado, que as regras fonéticas son regras históricas e que no galego se atopan palabras que entraron e viviron nel sen galeguizarse (p. 169) e que se podería segui-lo mesmo criterio hoxe, cun pouco de coidado (p. 131), mantense certas formas sen buscar de atopar unha errata —*romano*, *cristiano*, *cortesano*—, tendo ademais en conta a distinta evolución do sufixo -ANU na mariña e na montaña (p. 165), da mesma maneira que anque o A. ten preferencia polas formas curtas —*universidá*, *novedá*—, mantense formas como *romanidade* (p. 100), *cristiandade* (p. 100), *uniformidade* (p. 102). Agora ben, a preferencia amosada polo A. levoume a corrixir *novedáde* (p. 152) en *novedá* e non en *novedade*. A carón do emprego de *clausurar* (p. 173), poñería o emprego de *claves* (p. 120)⁸.

O A. escribe *sul*, presente xa na súa tradución dos *Carmina* de Horacio; corríxo, polo tanto, *sur* (p. 100, 126) en *sul*. Non atopei rexistrado no seu dicionario *patrimonio* (p. 129)⁹, aínda que rexistra *matrimonio*, empregado por Otero Pedrayo.

⁸ Vid. *infra* n. 29.

⁹ O A. ten rexistrado *patrimoniales* nunha carta do 1380 e *patrimonio* noutra do 1402 (CDGH 174). No vocabulario do Lorenzo non hai unha voz para *patrimonio*, mais ten unha para *matrimonio* (Ramón LORENZO, *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario. II. *Glosario* (Orense 1977), 819, s. v. *matrimonio*).

O A. escribe *nome* por *nombre*, pro emprega *nombrar* (p. 106, 206). Manteño *madre* (p. 130: *palabras madre*)¹⁰; esta palabra mantense en *comadre* (p. 187, 203) e nunha canción popular atópase *señora madre* (p. 203).

Manteño tamén *fertuna* (p. 125), pois ten a seu favor a lingua falada e unha certa tradición literaria.

O A. escribe case sempre *pra* e *desde*, aínda que, ás veces, ben poucas, escribe *para* (p. 120, 171, 197, 205) e nunha ocasión *dende* (p. 103)¹¹; tamén escribe case sempre *case* (p. 104, 106, 114, 119, 142, 144, 166, 173, 177, 189, 190, 200), aínda que ás voltas se atopa *casi* (p. 166, 173); cambio nestes dous casos *casi* en *case*.

Non dende razóns lingüísticas e quedándome na tona do fenómeno, recollo algúns dos problemas que xorden na tarefa da defensa do galego fronte ás formas castelás. Daquela había a tendencia a substituí-lo *x* por *s* e o fonema *j* por *x*. Non había unha solución común para certas combinacións de consoantes —*bs*, *ct*, *cc*, *gn*, *pl*, *bl*, *pc*, *ns*—, cando se trataba de dignifica-lo galego cunha coidadosa corrección do falado, e defendelo, ó mesmo tempo, do castelán.

Mantéñense, polo tanto, as vacilacións: *texto* (p. 99, 109) e *testos gallegos* (p. 132); *expresións* (p. 132), *expresivo* (p. 140), *expresouse* (p. 210), inda que o A. escribe normalmente *expresar*; *espricar* (p. 112, 113, 122, 124, 128, 129, 142, 151, 156, 159, 167, 171, 173, 176, 179, 181, 197, 206, 208, 218), alternando con *explicar* (p. 117, 124, 176, 179, 189, 194, 202, 209, 210)¹², mais se non atopa *explicar*. Tamén escribe *aproximación* (p. 136) ou *esclamativas*¹³, *estender*, *ésito* e *sintaxis* (p. 176, 217)¹⁴; inda que sexa hoxe moi viva en galego a evolución *estra-* —*estrafino* (p. 142), *extraordinario* (p. 217)¹⁵— escribe *extralingüístico* (p. 102, 200).

Se deixamos, por razóns evidentes, de lado a palabra *obsoleta* (p. 128), o A. ou suprime o *-b-* —escribe así *sustantivo*, aínda que nunha ocasión escribiu *substantivo* (p. 135)— ou mantén o grupo *-bs-* en *observar* (p. 151, 152, 163, 177, 206, 220), anque escribe tamén *ouservéi* (p. 143) e *ouservadoras* (p. 199). Escribe sempre *abstracto*.

¹⁰ Cf. no texto, p. 210: «por medio dunha regresión, dunha volta á mai, como diríamos en gallego».

¹¹ Noutro intre atópase *dende* (p. 101) corrixido en *desde*.

¹² Vid. *infra* n. 23.

¹³ Na copia mecanografada: *escramativa*, corrixido en *esclamativas*.

¹⁴ Na copia mecanografada aparece escrito *sintaxis*, corrixido en *sintaxis*.

¹⁵ Cf. *supra* n. 14.

Cando se atopa co grupo *-ct-*, o A. tende, dun lado, a manter a forma culta, *intelectual* (p. 99), *director* (p. 105), *defectos* (p. 108), *efectiva* (p. 127), *artefactos* (p. 136), *carácter* (p. 136), *actividá* (p. 103, 130, 144, 150)¹⁶, *despectivo* (p. 145, 161)¹⁷, *característico* (p. 161), *aspectos* (p. 175), *contacto* (p. 176), *secta* (p. 198), e sempre *afectivo*, nas súas distintas formas; e, doutro, a escribi-lo grupo sen o *-c-*: *produtor* (p. 196), *produto* (p. 200); atópase tamén aquí formas máis veciñas á lingua falada: *prefeuto* (p. 140); *respeativamente* (p. 160), *arquiteuto* (p. 213). As vacilacións maniféstanse no feito de que o A. escribira na copia mecanografada *autuaron* e corrixiu esta palabra á man en *actuaron*¹⁸.

Cando este grupo se converteu en *-cc-* en castelán, o A. escribe a palabra cun só *-c-*: *diccionario*, *tradución* (p. 124, 163, 170), *costrució*s (p. 124), *costrución* (p. 211) e *construción* (p. 121)¹⁹. Hai, tamén, outra solución; o A. escribiu *restricción* nunha ocasión (p. 169), mais, na seguinte, tras escribir *restricción* corrixiu esta forma en *restrinción* (p. 194), cousa que volveu a facer noutras ocasións (p. 195, 197)²⁰. Escribe sempre *acción*; nunha ocasión escribiu *aució*s (p. 118) e corrixiu en *acció*s²¹; hai que ter en conta que de forma implícita criticou o emprego de *aición*. Tamén escribe *selección* (p. 202) e *coleccion* (p. 202) ou *coleción*s (p. 110).

Suprime o *-g-* no grupo *-gn-*: *manate* (p. 99), *inorancia* (p. 103), *consina* (p. 120), *sino* (p. 125).

No caso do grupo *-pl-* pode substituílo por *-pr-*: *espricar*²², alternando con *esplicar*²³; *compricado* (p. 126), *compricación* (p. 125); *cumprir* / *comprir* é a forma normal (p. 102, 149), aínda que ten tamén *complir* (p. 193) e *complicado* (p. 208);

¹⁶ Na copia mecanografada (p. 38): *autividá*, corrixido polo A. en *actividá*.

¹⁷ Na copia mecanografada (p. 52): *despeutivo*, corrixido en *despectivo*, esmagallando o *u*; enriba o A. escribiu á man un *c*.

¹⁸ Na copia mecanografada escribiuse *autuaron*; o A., a meu ver, corrixiu á man en *actuaron*, borrando o *u* e escribindo enriba *c*.

¹⁹ *Vid.* n. 28 e n. 27.

²⁰ Na copia mecanografada o A. escribiu *restricción*; cancelou o primeiro *c* e colocou enriba *n*, en dúas ocasións.

²¹ Na copia mecanografada «mantíña a mismas aución niveladora»: o A. corrixiu en *acción* (p. 23); hai que corrixir *mismas* en *misma*.

²² Na copia mecanografada (p. 59) escribiuse *esplicar* e corrixiuse en *espricar*.

²³ *Vid. supra* n. 12.

comprácese (p. 208). Prefire escribir *complemento*, *completo* e *complexo*, pro atópase tamén *comprexo* (p. 102) e *compreto* (p. 132). E o mesmo fai co grupo *-bl-*: *branca* (p. 118, 149, 172, 199), tamén ten *blanco* (p. 138); *nobreza* (p. 133), inda que prefire mante-la forma culta, *nobleza* (p. 204, 205, 220, 221) e *nobles* (p. 220).

As súas afirmacións sobre o sufixo *-IBILIS*, *-IBILE* (p. 134) explican *posíbele* (p. 121)²⁴ e *favorable*, corrixido polo A. en *favorábele*²⁵; ten tamén *favorables* (p. 211), coído que como cultismo.

Tamén ten unha solución diferente para os grupos *-pc-* e *-pt-*: atópase *escepción* (p. 123, 133) e *esceucion* (p. 137, 164)²⁶. Escribe sempre *concepto* (p. 114, 130, 138).

A fortuna do prefixo *trans-* e os criterios establecidos explican as vacilacións diante do grupo *-ns-* cando cómpre: *circunstancia* (p. 109, 122, 134, 210, 220) e *circustancia* (p. 201, 211, 213); *costruciós* (p. 124, 211) e *construción* (p. 121)²⁷; *istrumento* (p. 102) e *instrumentos* (p. 161). Como cultismo escribe *transporte* (p. 141) e *inscripciós* (p. 102, 158, 159, 165, 219), aínda que unha vez escribe *inscriciós* (p. 220)²⁸.

Hai outras eleccións: *secreto*, non *segredo*, e *error* (p. 157), non *erro*; *probes* (p. 209, 221), non *pobres*, empregado en *O porvir do galego*. Tendo en conta os criterios rexistrados polo autor non cómpre chama-la atención sobre *escenario* (p. 102), *Península* (p. 102), *claves* (p. 120)²⁹, *facenda* (p. 150), que tamén podería dicirse que non se traduce con *Hacienda* (p. 106).

Como a regra das contraccións depende moito de razóns estilísticas, subliño soamente que as mesmas poden aparecer ou non, aínda estando veciñas as dúas solucións —*dunha lengoa; de unha palabra*— (p. 112). Atópase *daquela* (p. 103, 212), pro teño para min que non é unha excepción a unha regra, xa que a explicación é outra.

Hai, ademais, algunhas contraccións, máis o menos empregadas, que se poderían tomar como unha errata por desaparición dunha letra: *intresa* (p. 204), cando

²⁴ Na copia mecanografada atópase *posible* que o A. corrixiu en *posíbele* á man.

²⁵ Na copia mecanografada atópase *favorable* que o A. corrixiu en *favorábele*, amecendo o acento e un *e* interlineal á man.

²⁶ *Vid. supra* n. 28.

²⁷ *Vid. supra* n. 19.

²⁸ *Vid. supra* n. 26 e n. 19.

²⁹ *Vid. supra* n. 8.

o A. prefere *interesa*³⁰; *orixe*³¹ e *orixen*³², podería resolverse, se se tratara de establecer unha norma, en favor da primeira forma; *gado* (p. 167, 208) ou *ganado* (p. 186, 212), mancando a forma *gando*. Outra alternancia por razón de localismos: *aira* (p. 153, 199), *eira* (p. 197).

Xunto a *salir* (p. 121, 131, 147, 179, 193, 194, 207), un castelanismo que entrou no galego xa no medioevo³³, atópanse tamén as formas, *saíron* (p. 125), *saíran* (p. 127), *saído* (p. 127). Vacilacións atópanse tamén no plural das palabras terminadas en *-al*, onde se atopa, a meu ver, outra «cruz» do galego, se quere defenderse ou do castelán ou do portugués: *animás* (p. 118, 177, 181, 187, 193, 195, 199, 207, 208, 209), pro *animales* (p. 166, 205, 206); tamén se atopa *civís*. N' *O porvir do galego* a solución é outra: *animals*, *comarcals*.

Hai tamén o chamado *i* epentético que se pode abrir en *-e-*. Deste xeito se non atopa *admirar*, pro si *adimirar* (p. 119, 208, 209).

Outras alternancias atopan, a meu ver, a súa explicación na loita por dignificar a lingua falada: *arrancar* (p. 154, 210, 220)³⁴ e *arrincar* (p. 117, 141, 148, 173, 175, 192, 194)³⁵. Razóns máis complexas —pénsese no castelán— explicarían o emprego de *fundamente* (p. 100, 148) a carón de *profundamente* (p. 126, 134, 210).

Nótase tamén unha certa vacilación no emprego de *labor*; emprégase como masculino (p. 103, 106, 118) e como feminino (p. 109, 133, 162), substituído por *laborías* (p. 174, 184, 193, 196, 199, 219). Deixo de lado o seu emprego con valor concreto e limitado (p. 182, 197) e lembro, soamente, que *facen unha labor* en Vilarente ten un sentido moi preciso.

Xunto a *hospital* (p. 142, 212), atópase *hespital* (p. 212), unha forma rexistrada na tradición galega, de acordo coa moda provenzal, e que se atopa rexistrada en Vilarente baixo *espital*, vincallada a *hespital*, na voz Hospital, pro tamén baixo a voz *Hespital*.

³⁰ Na copia mecanografada (p. 6) escribiuse *intresa*; o A. corrixiu esta palabra amecendo na interliña un *e*: *interesa*.

³¹ P. 112, 122, 124, 132, 134, 136, 146, 148, 150, 151, 152, 157, 159, 162, 164, 167, 171, 172, 188, 190, 191, 192, 194, 198, 206, 210, 211, 212, 214, 218, 219, 220. Na copia mecanografada (p. 75=) escribiuse *orixen* e o A. cancelou o *-n* derradeiro: *orixe*.

³² *Vid.* p. 111, 119, 143, 149, 164, 186, 189, 192, 198.

³³ *Vid.* p. 131.

³⁴ Na copia mecanografada (p. 59): *arranca*, corrixiu en *arrinca*.

³⁵ Para o emprego en Rosalía, *vid.* p. 190.

Os localismos e outros criterios agáchanse detrás de certas vacilacións: *hirmaos*³⁶, *irmans* (p. 170), *irmaos* (p. 147), *irmao* (p. 149), *irmáus* (p. 188), *irmáu* (p. 203). É o mesmo que sucede con *mao*, *mau*, *man*. Mantiven as formas pro uniforme a acentuación. Ademais, deixando de lado as razóns lingüísticas, hai outras que explican a elección de *España* (p. 126, 218); e as razóns de claridade invocadas nunha ocasión non evitan escribir *maios*, aínda que tamén o A. escribe *ensayo* (p. 222), cousa que se explica pola necesidade de claridade, pro tamén por outras razóns.

Hai que ter en conta, polo tanto, o feito de que, dun lado, o A. quere basarse na lingua falada e dignificala e, doutro, que a lingua escrita moitas veces seguía outro camiño. Non debe tampouco esquecerse cando escribe o A. e os medios cos que contaba para o coñecemento do galego da Idade Media, cando hoxe son moi críticas as valoracións daquelas transcrisións³⁷. Non sempre puiden comprobar os datos dados³⁸ polo A. Non puiden ve-la edición feita polo Martínez Salazar do famoso testamento de María Balteira e non o atopei na edición dos documentos de Sobrado³⁹; no Lorenzo atopei o que parece ser a súa transcrisión coa cita da segunda edición do Martínez Salazar⁴⁰.

Tendo en conta estes feitos, quixera subliñar dous falsos problemas, denantes de determe noutros menos doados. O A. escribe sempre *estraño*. No Cuveiro atópanse rexistradas as voces *estrano*, *extranno* e *estranio* pro non *extraño*⁴¹; o

³⁶ Tamén aquí a copia mecanografada ten *hirmáns*, corrixido á man polo A., borrando o acento, escribindo un *o* sobor de *s* e amecendo un *-s* final na entrelíña: *hirmaos*.

³⁷ Clarinda de Azevedo MAIA, *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)* (Coimbra 1986), 35 ss.

³⁸ O número do mapa de Ptolomeo é unha daquelas palabras esmagulladas varias voltas e non corrixidas; agrázolle ó prof. Díaz y Díaz que me dixera que o número correcto é o 38.

³⁹ Non o atopei en Pilar LOSCERTALES DE G. DE VALDEAVELLANO, *Tumbos del Monasterio de Sobrado de los Monjes I-II* (Madrid 1976).

⁴⁰ LORENZO, *La traducción* II, 402 s. v. *cobertura*: «Cobertura, que cubre, del lat. COOPERTŪRA (...) Desde el XIII: a. 1257 («en ataudes cum cobertura de IJJ. uaras destanforth» (Salazar 26, 2)).

⁴¹ Juan CUVEIRO PIÑOL, *Diccionario gallego el más completo en términos y acepciones de todo lo publicado hasta el día con las voces antiguas que figuran en códices, escrituras y documentos antiguos, términos familiares y vulgares y su pronunciación para la Escuela diplomática, anticuarios, jueces, abogados, escribanos, párrocos y otras personas á quienes es indispensable su frecuente uso* (Barcelona 1876), 123: s. v. *estrano*: «extraño»; s. v. *extranno* y *estranio*: «(ant.) extraño, extranjero, forastero».

Carré Alvarellos rexistra *extraio* e *estrano*, pro non *estraño*⁴² No *Diccionario da Real Academia Galega*, soamente se rexistra *estraño*, -a⁴³. O Lorenzo, no 1977, dixo o seguinte: «En gall. mod. se dice *estraño*, siendo un enorme disparate la forma *estrano* registrada por los diccionarios y usada en literatura»⁴⁴.

O A. escribe tamén sempre *persona* —e *corona*, *resonancias* e outras formas semellantes—, cunha excepción xa que nunha vegada emprega *persoa* (p. 136). O Cuveiro rexistra *persoa*⁴⁵, cousa que tamén fai o Carré Alvarellos⁴⁶ e o *Diccionario da Real Academia Galega*; fixándome neste derradeiro diccionario, se deixamos a un lado a palabra medieval *persoeiro*, rexistra só como derivado *persoal*, xa que os outros derivados son *personalidade*, *personalizar*, *personaxe*, *personificación* e *personificar* e aínda rexistra *persona grata* e *persona non grata* como locucións substantivas latinas⁴⁷. O Lorenzo di o seguinte: «Vemos, pues, *persoa* o *persona* en textos galls. y ports. hasta el XV y ambas se emplean en gal. mod.», xa que no medioevo se prefere a forma *pessoa*, *pessôa*⁴⁸.

Máis complexas son as vacilacións entre *desaparecer* e *desparecer*. Os vellos diccionarios que teño á man non rexistran *desaparecer* pro tampouco *desparecer*. O *Diccionario* de Carré Alvarellos recolle *desparecer* pro non *desaparecer* e o *Diccionario da Real Academia Galega*⁴⁹ recolle *desaparecer*, pro non *desparecer*. Cando o A. escribía tiña rexistrada *desparecer* na *Crónica Troiana* e na poesía de Rosalía de Castro⁵⁰.

⁴² Leandro CARRÉ ALVARELLOS, *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego*³ (La Coruña 1951), 414: s. v. *extraio**: «adj. Extraño»; s. v. *estrano*, na: «adj. Extraño. Que es de otra clase, familia o nación.-Raro, irregular. Extravagante». O A. emprega o asterisco (*) para sinalar que a palabra é arcaica.

⁴³ *Diccionario da Real Academia Galega*³ (A Coruña 2000), 512: s. v. *estrano*. A primeira edición é do 1997.

⁴⁴ Ramón LORENZO, *La traducción* II, 611: s. v. *estrano*.

⁴⁵ CUVEIRO PIÑOL, *Diccionario* (n. 41) 245: s. v. *persoa*.

⁴⁶ CARRÉ ALVARELLOS, *Diccionario* (n. 42) 595: s. v. *persoa*.

⁴⁷ *Diccionario* (n. 43) 896.

⁴⁸ LORENZO, *La traducción* II (n. 44), 1005: s. v. *pessoa*. Véxase para *corona*, p. 389-381, s. v. *corôa*, *coroa*, onde di o seguinte, tras recoller a forma *corôa*, esto é, *corona*: «En cast. desde el XIII (la forma pop. gall.-port. es *croa*)». A dinificación da lingua literaria impón a súa lei.

⁴⁹ No *Diccionario* da Real Academia rexístrase a voz *diccionario*, mais o Carré non ten voz ningunha nin para *Diccionario* nin para *Dicionario* e tampouco acolle a voz *Diccionario* no diccionario castelán-galego (o Cuveiro deu a calada por resposta e o Rodríguez rexistra *Diccionario*).

⁵⁰ Rosalía de CASTRO, «Cantares Gallegos», en Rosalía de CASTRO, *Obras Completa. Recopilación y estudio bibliográfico Rosalía de Castro o el dolor de vivir por Victoriano García Martí* (Madrid 1972), 318: «Esto cantaron. En tanto, / có á Virxe desapareceran / os anxeños, deixando / en derredor noite espesa». Pódese

No ano 1958 o Parker publicou un vocabulario da *Crónica Troiana*, onde recolle *despereçer* e *desperesçer*, co sentido de morrer⁵¹. No 1975, publicou unha nova edición desta obra⁵². No 1985, publicou o Lorenzo a súa edición, pro, polo que eu sei, o vocabulario anunciado non chegou a publicarse. O máis interesante é que recolle como variante do *despereçer* do texto a seguinte: «AMS desapareçeron», isto é, o Martínez Salazar leu *despereçeron* onde os editores modernos len *despereçer*⁵³. No Meyer-Lübke non atopei rexistrada ningunha destas dúas palabras. Atópase nas linguas románicas *desaparecer*, *disparâitre*, *disparire*, aínda que no portugués se atopa tamén *desperecer*, que disque procede de *deperire*⁵⁴, como tamén no castelán, onde se fai derivar de *perire*⁵⁵.

Como vimos o texto fixado polo García Martí tiña *desperecer*⁵⁶, pro na primeira edición de *Cantares Gallegos*, feita en vida da poetisa, se non atopa esta forma, mais *desaparecer*⁵⁷.

ver alí as distintas edicións feitas de «Cantares gallegos». A poetisa morreu o 15 de xullo do 1885. As novas de segunda man que manexei son contraditorias, pois nunhas atopei o ano 1952 e noutras o 1954, como data da primeira edición feita polo García Martín; supoño que as edicións daquela época rexistraban xa a variante mencionada.

⁵¹ Kelvin M. PARKER, Ph. D., *Vocabulario de la Crónica Troyana (Manuscrito gallego del siglo XIV nº. 10.233 Bib. Nac. Madrid)* (Salamanca 1958), 307, con reenvío ás p. 44 e 251; as referencias fanse á edición do Martínez Salazar, na Coruña no 1900, que non puider ver.

⁵² *Historia Troyana. Edición e introducción por Kelvin M. PARKER* (Santiago de Compostela 1975), 118: «e des que d'alo partirō perderō moytas gētes ata que chegarō a Troya ca passarō por tā fortes lugares que a poucas y nō desperesçerō todos». No vocabulario desta edición atópase recollido só un posto para a palabra «despereçeron».

⁵³ Ramón LORENZO, *Crónica Troiana. Introducción e texto* (A Coruña 1985), 302: «E desque de alá partirō, perderō moytas gentes ata que chegarō a Troya, ca passarō per tā fortes lugares que, a poucas, y nō desperesçerō todos».

⁵⁴ *Dicionário da língua portuguesa de Cândido de Figueiredo*¹⁴ I (Lisboa s.d.), 869, s. v. *desperecer*: «v. i. Ant. O mesmo que *deperer*, morrer. Cf. *Port. Mon. Hist., Script.*, 279. (Do lat. *deperire*)».

⁵⁵ J. COROMINAS-J. A. PASCUAL, *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico* III (Madrid 1980), 474: s. v. *desparecer*; 477, s. v. *desperecer*; IV² (Madrid 1985) [A primeira edición é do 1981] 400; IV 400 s. v. *parecer*, onde se di o seguinte: «desparecer. Aparecer [Cid; Cuervo, Dicc. I. 503-595], del lat. tardío APPARĒSCĒRE, común a todos los romances de Galia e Hispania». IV 488-489, s. v. *perecer*, onde se di «desperecer [1240, Fuero Juzgo, 3 ejs., 2 como intr.; después no vuelve a aparecer hasta med. XVI, y es casi siempre reflexivo]; ameece ademais o seguinte: «De *perir* con sufijo causativo y prefijo negativo-intensivo, el arcaico *desperentar* ‘hacer perecer’ que documento en el gallego de las *Crgs.* “con sas mãos se foi *desperentar*” (Mettmann, *Gloss.*)». Joan COROMINES, *Diccionari etimologic i complementari de la llengua catalana* X (Barcelona 2001), 267, s. v. *despairexer*.

⁵⁶ *Vid. supra* n. 50. Nin sei que edición manexaba o A. nin cando xurdiu a variante dita.

⁵⁷ Rosalía CASTRO DE MURGUIA, *Cantares Gallegos* (Vigo [1863] 2013), 81: «Esto cantaron, —en tanto / Có á Virxen desapareceran / Os anxeliños».

Poderíase dicir, entón, que o emprego de *desparecer* é unha errata nada dun erro; o feito de repetirse e de atoparse onde se atopa, lévame a manter esta forma que conta co portugués, onde, ó parecer, empregouna Camões, e é unha forma contracta de *desaparecer*⁵⁸.

Para rematar convén deterse na frase *hasta ós molos*. No *Diccionario da Real Academia Galega* (2000) atópase *miolos*, pro non *molos*, que recolle Carré. Mantéño dita forma xa que aparece rexistrada no *Diccionario* do A. en Parga e con testemuños históricos.

As outras intervencións feitas no texto arrincan das correccións feitas polo A., xa que introducíndoas non prestou atención ó resto da frase. Inda recoñecendo que algunha delas pode ser de máis, estas intervencións atópanse nas p. 103 [o gallego]⁵⁹; 112 [ferro]⁶⁰; p. 121 [quen]; p. 157 [ou], p. 159 [de]; p. 166 *acentua[r]*⁶¹.

Deixei tamén a frase «cando as sacas de casa», entendendo a mesma como unha frase feita para designar o momento da saída do defunto da casa para o campo-santo. Noutro caso, habería que ler «cando a sacan da casa». Ademais, coido que se lle foi ó A. o santo ó ceo na p. 36 e poño *prefixo* onde se atopa *sufixo*.

Sen modifica-lo texto, fixéronse algunhas correccións na sistemática, xa que hai unha disconformidade entre o texto e o índice e certas modificacións feitas á man polo A. Estas intervencións recóllense entre parénteses cadradas e, nalgúns casos, recupera un título cancelado, noutro recolle o máis completo do índice e amécese no texto; o único título amecido «A vida das palabras», fíxose sobre o segundo título da derradeira parte, «As palabras morren».

Deste xeito o traballo queda dividido en seis grandes partes, cada unha delas dividida en capítulos e estes en apartados. Sei que non quedaron resoltos todos os problemas, pro pareceume a mellor solución. A terceira parte atópase dividida en tres capítulos, pro, na realidade, o terceiro capítulo non ten entidade propia, aínda que teña un título, baixo o que se atopan o que son tres capítulos, como di o A., cos seus apartados internos. A quinta parte identifícase ó mesmo tempo cun capítulo, con apartados diversos. Para rematar, a presenza do terceiro capítulo na sexta e derradeira parte nace da necesidade de atoparlle un acomodo.

⁵⁸ *Dicionário da língua portuguesa de Cândido de Figueiredo*¹⁴ I (Lisboa s.d.), 868, s. v. *desparecer*: «v. i. (Contr. de *desaparecer*)».

⁵⁹ Amézoa para facer máis clara a frase.

⁶⁰ O A. esqueceu amecer esta palabra na súa enumeración.

⁶¹ Estas catro palabras son amecidas para concorda-la frase que quedaba mouca polas correccións introducidas.